

Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DE 27 DE OUTUBRO DE 2014.**

Presidente:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Acordouse aprobar a acta núm. 44/2014 correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de outubro de 2014 e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER licenza de obra** para acondicionamento dun local para restaurante, sito no lugar de Carrio, nº 10, parroquia de Val do Carrio, de Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 600 euros.



Secretaría Xeral

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse **CONCEDER licenza de actividade** para edificio destinado a leitería anexo á explotación de vacún leiterio, no lugar de Toimil, parroquia de Galegos, Lalín

4.- EFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA.

4.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para peche dunha finca sita no lugar de A Goleta, nº 44, Camposancos, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal, por importe de 27,75 euros en concepto de ICIO.

5.- EFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

5.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA** para o exercicio da actividade consistente en centro de estética na rúa B, nº 17, baixo, de Lalín.



6.- INFORMES PREVIOS.

6.1.- Acordouse **aprobar o informe do Técnico Municipal**, de data 22/10/14 en relación á solicitude de licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Viñoa, da parroquia de Soutolongo, de Lalín, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

7.1.- Acordouse iniciar **“PATROCINIO PUBLICITARIO DA XLVIIª FEIRA DO COCIDO DE LALÍN” (CP012014)**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración.

7.2.- Acordouse denegar a solicitude presentada por GAIA LALIN ARENA S.L. de suspensión do prazo para a realización das obras de reparación do Edificio Multiusos Lalín Arena por ser este prazo improrrogable, declarar o incumprimento pola devandita empresa



Secretaría Xeral

dos acordos do Pleno e da Xunta de Goberno Local, a execución subsidiaria das obras, incautarse de parte de fianza depositada (45.480,52€) pola devandita empresa e contratar coa empresa Antonio Framiñán Construcciones, S.L. as obras, por importe total de 45.480,52 € (IVE incluído) con suxeición ao réxime dos contratos menores de obras, solicitando a efectiva execución da obra no prazo de un (1) mes.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acordou** aprobar e declarar de abono facturas por importe de **111.804,54 euros**.

9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

9.1.- Acordouse a **devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 320 € como garantía para responder dos *“Posibles danos xerados polas obras realizadas na fachada dun edificio sito na rúa da Ponte, 89”*.


9.2.- Acordouse a **devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 400 € como garantía para responder dos *“Posibles danos xerados polas obras realizadas na fachada dun edificio sito na rúa T, núm. 1 esquina Rúa Ramón Aller”*.

10.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

10.1.- Acordouse **contratar a un recepcionista para o Complexo Deportivo Multiusos Lalín Arena** segundo a Acta da cualificación final do proceso selectivo.

10.2.- Acordouse a **contratación de dous operarios de limpeza para o Complexo Deportivo Multiusos Lalín Arena** segundo a Acta da cualificación final do proceso selectivo.

10.3.- Acordouse a **contratación dun técnico instructor de Fitness e monitor de natación e socorrista** para o Complexo Deportivo Multiusos Lalín Arena segundo a Acta da cualificación final do proceso selectivo.



11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos** para a xustificación das accións realizadas ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

11.2.- Acordouse aprobar o Proxecto Técnico do **Campamento de Nadal 2014**, autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.450,00 € (IVE engadido), con destino ao financiamento dun contrato menor de servizos e concertar coa empresa EDUVÍA, Xestión Cultural e Lecer, S.L. dito contrato.

11.3.- Acordouse **recoñecer a obriga** por importe de 96,41 € **a favor da Mancomunidade Terras de Deza** en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón, segundo a relación de gastos que consta nesta proposta, do que este Concello asume o 50% segundo o Covenio de Cooperación asinado a tal fin.

11.4.- Acordouse proceder á **execución subsidiaria da total demolición da edificación, declarada en situación de ruína**, existente na rúa Areal, nº 52, de Lalín (referencia catastral 3343001NH7234S0001LD).

11.5.- Acordouse aprobar a **aplicación das tarifas da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos**, a varios beneficiarios pertencentes a familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial, así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

11.6.- Acordouse conceder 212 **bolsas complementarias ao estudo** por importe de 21.970 € e denegar 69 solicitudes polas causas que se recollen no expediente.

11.7.- Acordouse aprobar o **Proxecto Técnico da Campaña de Cestas de Nadal 2014** e autorizar e comprometer gasto por importe de 3.000 € con destino a adquisición de Cestas de Nadal para persoas en situación de desvantaxe social, coa empresa Alimentación Nela, S.L., con arranxo aos contratos menores de subministro.



Secretaría Xeral

11.8.- Acordouse solicitar unha subvención para a mellora das coleccións bibliográficas da Biblioteca Municipal.

11.9.- Acordouse aprobar a Memoria valorada da obra “MELLORA DA REDE VIARIA NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA VILATUXE E LOSON”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Francisco Guerra García, de data xullo de 2014 por importe de 50.000 euros.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse corrixir un erro detectado nun acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2014 en relación ao recoñecemento de obriga a favor de Faro de Vigo, S.A.U. en concepto de “anuncio curso AFD carpintería”.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Pavillón do Colexio de Cercio para a celebración dun Magosto Popular para o vindeiro día 1 de novembro de 2014.

=====

